

SÁBADO
20 XULLO

11.00 h | PAVILLÓN MUNICIPAL
DE DEPORTES DE BAIONA



15ª SUBIDA
U Á GROBA

CICLOTURISTA

Edición

CONCELLO DE BAIONA - 2024

CATEGORÍAS - ESTRADA + BTT

JUNIOR (2009-2006)

SENIOR (2005-1984)

VETERANOS (ATA 1983)

INSCRIPCIÓN ABERTAS! WWW.CHAMPIONCHIPNORTE.COM | PAVILLÓN MUNICIPAL DE DEPORTES DE BAIONA | APP BaionacoDeporte



BAIONACODEPORTE.GAL

15ª Edición SURIDA U A GROBA

CONCELLO DE BAIONA · 2024

SÁBADO

20 XULLO
PAVILLÓN MUNICIPAL

11.00
HORAS

01. ORGANIZACIÓN

Excmo. Concello de Baiona · Concellería de Deportes de Actividades Marítimas

02. CALENDARIO

Data evento	Sábado 20 de Xullo de 2024
Hora saída	11:00 h
Lugar saída	Saída neutralizada dende o Pavillón Municipal de Deportes Percorrido de quecemento ata a rotonda de Baredo e volta.
Saída oficial	Virxe da Rocha
Meta	Alto da Groba (Poza Negra)

03. MODALIDADE DA PROBA

Proba de carácter ciclo turista - ciclo deportiva de marcado carácter popular, de curta distancia pero de duro percorrido [11 km, desnivel 620 me porcentaxe 5,6%).

04. CATEGORÍAS

Establécense as seguintes categorías, BTT e ESTRADA:

A. JUNIOR. 15 a 18 años (2009 - 2006)

B. SENIOR. 19 a 40 años (2005 - 1984)

C. VETERANOS - +41 (ata 1983)

D. CATEGORÍA DE CENSADOS MIXTO. Os censados en Baiona deberán estar empadroados polo menos un ano antes do desenvolvemento da proba e na actualidade.

E. EQUIPOS. A clasificación por equipos establécense outorgándolle punto polo posto conseguido en liña de meta por cada un dos integrantes na clasificación absoluta, sumándose tódolos puntos acadados polos membros do equipo. Os equipos poden estar constituídos por un mínimo de 1 e un máximo de 5. Os puntos das participantes femininas computarán dobre.

A idade mínima para participar establécense nos 15 anos(2009). Os participantes menores de idade requiren dunha autorización dun titor responsable para a súa inscrición.

Establécense premios aos gañadores absolutos masculino, feminino e primeiro baionés/a en alcanzar a liña de meta. Os premios non son acumulables polo que subirán ao podio os seguintes clasificados nas súas respectivas categorías.

Establécense trofeos para os 3 primeiros clasificados de cada categoría. Trofeo para o participante de maior idade e o máis novo que completasen a súa participación. Trofeo para o primeiro clasificado de Baiona e trofeo ao gañador por equipos (todos en categoría masculina e feminina a excepción do trofeo por equipo).



GRUPO
SALGUEIRO

CCNORTE



CaixaBank

EROSKI

ASOCIACIÓN MARIÑA
LOS SOCIALCIS

PARADISES

ecocubic



LIBRE



BAIONACODEPORTE.GAL 

15ª SUBIDA U A GROBA

Edición

CONCELLO DE BAIONA · 2024

SÁBADO 20 XULLO | 11.00 HORAS
PAVILLÓN MUNICIPAL

05. INSCRICIÓN

A través da plataforma www.championchipnorte.com ou físicamente no **PAVILLÓN MUNICIPAL de DEPORTES de BAIONA** ou a través do email deportes@baiona.gal

DATA APERTURA INSCRICIÓN Dende o momento da publicación das presentes bases
DATA PECHE DE INSCRICIÓN 17 de Xullo ás 12.00 h

NÚMERO DE PRAZAS LIMITADO! por rigurosa orde de inscrición.

PREZO 10€ a ingresar nº de Conta **ES20 2100 1821 6802 0000 0539 (LA CAIXA)** Concello de Baiona. Indicando como concepto: XV Subida a Groba + nome do participante.

Enviar xustificante do ingreso acompañado da Folla de inscrición nas oficinas do Pavillón de Deportes Municipal de Baiona ou a través do email deportes@baiona.gal especificando nome do participante.

O prezo inclúe camiseta conmemorativa, seguro de accidentes e bolsa de avituallamento.

06. RECOLLIDA DE DORSAIS

Os dorsais serán entregados aos participantes o día 20 de xullo a partir das 9.30 h no Pavillón Municipal (lugar de saída) ata as 10.45 h

07. EQUIPAMENTO

- **CASCO PROTECTOR OBRIGATORIO.**
- **BICICLETA** (non eléctrica).
- **OBRIGATORIO LEVAR O DORSAL QUE ENTREGA A ORGANIZACIÓN** nun lugar visible para o control e rexistro de clasificacións (será motivo de descalificación o non presentar o mesmo en liña de meta).

08. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

Saída neutralizada ás 11.00 h dende a **Pavillón Municipal** e dando saída oficial á altura do acceso da estrada da Virxe da Rocha.

Percorrido (achégase plano). O participante deberá realizar o seu percorrido na súa totalidade. Non poderá ser remolcado e deberá realizar o percorrido delimitado pala organización, estando o mesmo sinalado claramente sendo obrigatorio respectar en todo momento as indicacións dos organizadores e as normas xerais de circulación.

Prohíbese o uso de móbiles ou aparellos de música que poidan distraer ao participante, sendo automaticamente descalificado. Están totalmente prohibidos os vehículos de acompañantes, só permitindo o acceso ao percorrido aos vehículos da organización e dos servizos médicos. Todo participante que sexa adiantado polo coche vasoira enténdese como descalificado e fóra da organización da mesma.

Aqueles participantes que polo seu comportamento ou actitudes sexan descalificados pola organización deberán abandonar a marcha e serán considerados non participantes. Os participantes que queiran abandonar deberán informar á organización do seu abandono podendo acollerse ao servizo de coche vasoira para ser transportado.



GRUPO DE BICICLISTAS

CCNORTE



CaixaBank

EROSKI

ASOCIACIÓN MONTAÑA LOS SOCIALCAS

PARADISES

ecocubic



LIBRE



BAIONACODEPORTE.GAL

15ª Edición SURIDA U Á GROBA

CONCELLO DE BAIONA · 2024

SÁBADO 20 XULLO | 11.00 HORAS
PAVILLÓN MUNICIPAL

9. CONSIDERACIONES PARTICULARES

Todo participante deberá ser consciente da dureza e esixencia física do percorrido presentando un nivel de preparación física e de adestramento que lle permita realizar o mesmo con garantías e unha vez que tramita a inscrición no mesmo, faino con carácter voluntario e exime aos organizadores de responsabilidade algunha pala súa participación voluntaria, asumindo os riscos propios que o presente evento esixe.

Dereitos de imaxe. A aceptación da presente normativa inclúe a autorización por parte da organización da utilización de imaxes para a promoción e difusión do evento.

10. SUSPENSIÓN DA PROBA

A organización establecerá e decidirá se as condicións son as adecuadas para o desenvolvemento da marcha ciclo turista, podendo decidir a súa suspensión no caso de que as garantías de seguridade non sexan as adecuadas.

15ª SURIDA U A GROBA

Edición

CONCELLO DE BAIONA · 2024

SÁBADO **20 XULLO** | 11.00 HORAS
PAVILLÓN MUNICIPAL



1~2

SAÍDA NEUTRALIZADA ÁS 11.00 H DENDE O PAVILLÓN MUNICIPAL DE DEPORTES ATA A ROTONDA DE BAREDO E VOLTA.

3

SAÍDA OFICIAL DENDE A VIRXE DA ROCHA.

4

META NO ALTO DA GROBA (POZA NEGRA)

1

ENTREGA DE PREMIOS NO PAVILLÓN MUNICIPAL DE DEPORTES O REMATE DA PROBA



GRUPO SUDOR

CCNORTE



CaixaBank

EROSKI

ASOCIACIÓN MEXICANA DOS SOCIALCÓOS

PARADISES

ecocubic



LIBRE



BAIONACODEPORTE.GAL

15 SUBIDA Á GROBA

Edición

CONCELLO DE BAIONA · 2024

SÁBADO 20 XULLO | 11.00 HORAS
PAVILLÓN MUNICIPAL

INSCRIPCIÓNS ABERTAS ata o 17 de XULLO ás 12.00 h

WWW.CHAMPIONCHIPORTE.COM | PAVILLÓN MUNICIPAL de DEPORTES de BAIONA | APP BaionacoDeporte

DATOS PARTICIPANTE.

NOME E APELIDOS

DATA DE NACEMENTO LOCALIDADE

D.N.I. TELÉFONO MAIL

SEXO HOME MULLER CENSADO EN BAIONA? SI NON

CATEGORÍA ESTRADA BTT

NON ESQUEZAS A CAMISETA.

XXL XL L M S XS

CATEGORÍAS MIXTAS. Marca cunha X a túa categoría

JUNIOR (2009-2006) SENIOR (2005-1984) VETERANOS (ATA 1983) EQUIPOS

OS MENORES PARA PARTICIPAR DEBERÁN CUBRIR A AUTORIZACIÓN DUN TITOR/A
Autorizo como titor/a a participar na 15 Subida á Groba 2024, o próximo 20 de xullo de 2024, ás 11.00 h.

NOME E APELIDOS DO TITOR/A

DNI TELÉFONO MAIL

FORMALIZA A TÚA INSCRIPCIÓN.

- A través da plataforma WWW.CHAMPIONCHIPORTE.COM
- Fisicamente no PAVILLÓN MUNICIPAL de DEPORTES de BAIONA | Na APP BaionacoDeporte (www.baionacodeporte.gal)

DATA APERTURA INSCRIPCIÓNS Dende a publicación deste regulamento.

DATA PECHE DE INSCRIPCIÓNS 17 de Xullo ás 12.00 h

PREZO. 10 €. A ingresar no nº de conta **ES20 2100 1821 6802 0000 0539 (Caixabank)** | Concello de Baiona.
Concepto. XV Subida cicloturista á Groba 2024 + nome do participante. Enviar xustificante do ingreso + folia de inscrición nas oficinas do Pavillón Municipal de Deportes de Baiona ou a través do email deportes@baiona.gal especificando o nome do participante.

3. O prezo inclúe **camiseta conmemorativa** + **seguro de accidentes** + **bolsa de avituallamento**.

- Participo na XV Subida cicloturista á Groba 2024 no Concello de Baiona o próximo Sábado 20 de Xullo, aceptando a súa normativa.
- Declaro que non presento ningunha contraindicación para participar nesta actividade.
- Acepto o uso de fotos para a divulgación do evento e publicidade en posteriores edicións.

SINATURA